CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO, PARA A ADHESIÓN Á REDE EUSUMO PARA O FOMENTO DO COOPERATIVISMO E A ECONOMÍA SOCIAL.

REUNIDOS

Dunha parte, Joaquín Macho Canales, secretario xeral técnico da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cargo para o que foi designado por Decreto 90/2024, do 22 de abril, actuando por delegación de competencias conferida polo artigo 3.1 da Orde do 29 de setembro de 2021, de delegación de competencias en diversos órganos da consellería (DOG núm. 195, do 8 de outubro de 2021).

Doutra, Elena Candia López, en representación do Concello de Lugo, facultado para a sinatura deste documento en calidade de Alcaldesa-Presidente, por acordo plenario de data 7 de maio de 2026.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectivamente competencia e capacidade suficiente para formalizar este convenio de colaboración,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano da Xunta de Galicia a quen lle corresponde a promoción, coordinación, desenvolvemento, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de cooperativismo e economía social, segundo o disposto no Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

SEGUNDO.- No exercicio das competencias autonómicas en materia de promoción do cooperativismo e a economía social aprobouse o Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento. Este decreto establece no seu artigo 13 que a adhesión á rede deberá formalizarse a través de convenio de colaboración subscrito entre a persoa titular da consellería competente en materia de traballo e a persoa que teña a representación da entidade interesada.

A Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, recolle no seu artigo 15 que as actividades de fomento e difusión da economía social de Galicia impulsaranse especialmente a través da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social.

Firmado por: ***417*** - MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ (FECHA: 2026-08-01 13:50:59.00) , ***770*** - JOAQUIN MACHO CANALES (FECHA: 2026-08-03 19:14:27.00) , ***243*** - ANA MARIA RIVAS GARCIA (FECHA: 2026-09-02 12:53:01.00)
CVD: V7erB6XA6hmHRgslQMln
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de convenio: 2026/26
As copias en papel deste dc de copia e serán verificable
CVE: RI7P8KLg4wO8 http

TERCEIRO.- O Concello de Lugo formulou solicitude de adhesión á Rede Eusumo na que acredita o interese no desenvolvemento do cooperativismo e da economía social, no apoio ao emprendemento ou no desenvolvemento local.

CUARTO.- Por Resolución da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social de 29 de xuño de 2026 aprobouse a solicitude que formulou o Concello de Lugo polo que, consonte ao previsto no artigo 13 do referido decreto regulador, procede a súa formalización a través da sinatura deste convenio de colaboración.

Por todo o antedito, formalizan este convenio con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e O Concello de Lugo para a adhesión á Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social.

SEGUNDA.- Esta colaboración axustarase ao previsto no Decreto 225/2012, do 15 de novembro, que resulta de directa aplicación en todo o non previsto neste documento.

Nos termos indicados a colaboración levarase a cabo sen contrapartida financeira.

TERCEIRA.- A entidade colaboradora participará activamente no desenvolvemento das actividades de asesoramento, información e formación que se deseñen, sen que por iso se vexan afectadas as súas actividades e funcións propias.

A entidade colaboradora manifesta que levará a cabo as seguintes actividades:

- Actividades de intercambio de coñecementos, mediante o contacto con outras entidades para facilitar aprendizaxe mútua, a transferencia de boas prácticas e a innovación en modelos de xestión cooperativa.

- Acompañamento e consolidación empresarial para apoiar a creación de novas cooperativas e acompañar o proceso de consolidación das existente, garantindo a súa viabilidade a longo prazo.

A entidade colaboradora comprométese a prestar o apoio necesario á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e ao Consello Galego de Cooperativas, na realización das tarefas de coordinación das diversas actividades que no ámbito onde se desenvolva o servizo poidan ter lugar.

CUARTA.- A entidade colaboradora pon a disposición da Rede Eusumo os seguintes medios e servizos para seren utilizados para o fomento do cooperativismo e a economía social:

Recursos materiais e infraestruturas: aula formativa situada na Avenida da Coruña, 500, de 100,45 metros cadrados, con acceso a internet e con accesibilidade. Trátase dunha sala de usos múltiples con posibilidade de dispoñer de equipamentos informáticos, impresora, e cañón de proxección. Tamén dispón de mesas, sillas, taquillas e armario auxiliar.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: RI7P8KLg4wO8 https://sede.xunta.gal/cve

QUINTA.- As obrigas e vantaxes da entidade colaboradora, así como as condicións de colaboración e de utilización dos medios e servizos postos a disposición da Rede Eusumo, serán as previstas no Decreto 225/2012, do 15 de novembro.

SEXTA.- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración promoverá a plena integración na Rede Eusumo da entidade colaboradora e, nese marco, facilitará os medios e recursos dispoñibles para a realización das actividades programadas, nos termos establecidos no Decreto 225/2012, do 15 de novembro.

SÉTIMA.- O seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio correspóndelle á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, a quen se lle facilitará puntualmente toda a información necesaria e que poderá comprobar a súa execución cando estime conveniente. No caso de dúbidas de interpretación ou incumprimento, constituirase unha comisión mixta integrada pola persoa titular da Subdirección Xeral de Economía Social, ou pola persoa na que este/a delegue, e por un/unha representante da entidade colaboradora, para resolver as cuestións xurdidas.

OITAVA.- A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual nin de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de tal xeito que non se lle pode esixir a esta ningunha responsabilidade, directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento deste.

NOVENA- A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Os datos persoais obtidos en execución deste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, coas finalidades de tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, consonte á normativa recollida en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos . Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio da súas competencias.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: RI7P8KLg4wO8 https://sede.xunta.gal/cve

Asinado por: CANDIA LÓPEZ, MARIA ELENA
Cargo: Alcaldesa-Presidente (Concello de Lugo)
Data e hora: 01/08/2026 13:50:59

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .

DÉCIMA.- Este convenio de colaboración ten carácter administrativo, e os seus efectos réxense polo establecido nas súas cláusulas, no Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda de 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares; no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; demais normativa xeral que lle sexa de aplicación e consonte aos principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

DÉCIMO PRIMEIRA .- Este convenio entrará en vigor na data na que estea asinado por ambas partes, e terá unha vixencia de catro anos. Antes da finalización do período de vixencia as partes asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

O convenio poderase denunciar pola parte que considere vulnerado o espírito do mesmo por incumprimento dalgunha das súas cláusulas. A denuncia deberá efectuarse comunicándolla á outra parte, mediante escrito fundado e cunha antelación mínima dun mes. Salvo acordo expreso en contrario, deberán finalizar as accións xa iniciadas.

A revogación do recoñecemento como entidade colaboradora da Rede Eusumo, prevista no artigo 15 do referido decreto regulador, levará aparellada a resolución deste convenio.

En proba de conformidade ambas as partes asinan este convenio de forma electrónica.

POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración
P.D. (Orde do 29.09.2021, DOG núm. 195 do 8.10.2021)
O secretario xeral técnico
Joaquín Macho Canales

Concello de Lugo

A Alcaldesa- Presidente

Elena Candia López

Asinado por: JOAQUIN MACHO CANALES
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 03/08/2026 19:14:27

As copias en papel deste documento terán a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: RI7P8KLg4wO8 https://sede.xunta.gal/cve